



CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 13 de agosto do 2019
Hora: 20.00
Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 10/2019.-
 - 2º.- Festas locais para o calendario laboral do 2020.-
 - 3º.- Comparecencia no Procedemento Ordinario 0000752/2019, sobre a restitución da propiedade do Pazo de Meirás.-
 - 4º.- Solicitude de compatibilidade da funcionaria María Saladina Mosquera Román.-
 - 5º.- Modificación de crédito 21/19. Crédito extraordinario 02/2019: Crédito para expedientes de recoñecemento extraxudicial.-
 - 6º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de gasto 3P/2019.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 7º.- Informes e comunicacións.-
 - 8º.- Mocións.-
 - 9º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario acctal., Juan Esteban Méndez Leiva.-

D/Dª MARIA NOGAREDA MARZOA

SOUTO 22, CARNOEDO - 15169

Sada

A Coruña



NÚMERO 10/19

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 16 DE XULLO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dezaséis de xullo de dous mil dezanove, réunese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.- Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 09/2019.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 09/2019, do 15 de xuño de 2019.-

2º.- Proposta da Alcaldía sobre o réxime das sesións do Pleno do Concello.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía sobre fixación do réxime de sesións ordinarias do Pleno do Concello de conformidade co disposto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, 40 do Regulamento Orgánico municipal e 38 e 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.-

O sr. Alcalde sinala que a proposta considera a periodicidade mensual das sesións ordinarias do Pleno da Corporación e a súa celebración ás vinte horas o último xoves de cada mes para facilitar a asistencia tanto do público, como dos/as concelleiros/as sen dedicación ou con dedicación parcial.-

Efectuada a votación, adóptase por maioría de doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún en contra e cinco abstencións (5 PP) o seguinte acordo:

Único.- O Pleno do Concello celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes, ás vinte horas, en primeira convocatoria e á mesma hora, en segunda convocatoria, nas datas establecidas no artigo 41 do Regulamento Orgánico.-

A Alcaldía, ben por propia iniciativa ben a petición da Xunta de Portavoces, poderá variar o dito réxime por causas xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 40.2 do Regulamento Orgánico.-

3º.- Proposta da Alcaldía sobre a creación e a composición das Comisións Informativas Permanentes.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía para dar cumprimento ao disposto nos artigos 38, 124, 125, 127 e 134 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sobre creación e composición das Comisións informativas permanentes e a Comisión Especial de Contas.-

O sr. Alcalde sinala que a proposta contempla dúas Comisións informativas permanentes, a Xeral e a de Urbanismo, así como a Comisión Especial de Contas.-

Efectuada votación acórdase por maioría de doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún en contra e cinco abstencións (5 PP) o seguinte acordo:

1º.- Constituír dúas comisións informativas permanentes coas funcións e coa composición que establecen os artigos 32.1 e 33.1 do Regulamento Orgánico, que celebrarán sesións ordinarias nos días e horas que estableza a Alcaldía, coa mesma periodicidade que o Pleno do Concello:

- Comisión informativa de Urbanismo, para o estudo e proposta sobre planeamento urbanístico, intervención no uso e edificación do solo e xestión urbanística en xeral.-

- Comisión informativa Xeral, para o estudo e proposta en todas as materias e áreas da xestión municipal non asignadas expresamente a outra Comisión, sen prexuízo das facultades do Pleno para constituír Comisións informativas especiais para asuntos concretos.-

2º.- Crear a Comisión Especial de Contas e Facenda, coas funcións que determina o artigo 127.2 do

Regulamento aprobado por Real Decreto 2568/1986, integrada polo sr. Alcalde, que a presidirá, e por un vocal en representación de cada un dos grupos políticos municipais, a cal celebrará sesión ordinaria anual no mes de maio.-

3º.- As adscricións concretas de membros da Corporación aos órganos anteditos efectuarase na forma establecida pola letra c) do artigo 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento



e Réxime Xurídico das Entidades Locais, mediante escrito do voceiro de cada grupo dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno.-

4º.- Ditos órganos, conforme á posibilidade ofrecida polo artigo 66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co establecido no regulamento Orgánico municipal, aprobarán os seus ditames e informes mediante o sistema de voto ponderado.-

5º.- Este acordo organizativo publicarase na sede electrónica municipal en cumprimento das obrigas de publicidade activa en materia institucional e organizativa recollidas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 10 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.-

4º.- Proposta da Alcaldía sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía sobre nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.-

Efectuada votación acórdase por maioría de dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún en contra e sete abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1º.- Nomear a Dª. María Nogareda Marzoa como representante da Corporación nos consellos escolares dos colexios de Mondego, Mosteirón, Carnoedo, Sada e Contornos e Colexio de Educación Infantil de Carnoedo, así como representante da Corporación nos IES Isaac Díaz Pardo e O Mosteirón.-

2º.- Nomear representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a Dª. Isabel Reimúndez Suárez.-

3º.- Nomear vocais representantes do Concello na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade ao sr. Alcalde, D. Óscar Benito Portela Fernández, como titular e a D. Francisco José Montouto Pérez como suplente.-

4º.- Nomear representantes do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao sr. Alcalde, D. Óscar Benito Portela Fernández, como titular e a Dª. Isabel Reimúndez Suárez como suplente.-

5º.- Establecemento das retribucións dos membros da Corporación.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía sobre as retribucións dos membros da Corporación.-

O sr. Alcalde sinala que a proposta recolle as retribucións do Alcalde, cun soldo de 33.000 euros, e tres tipos de dedicacións para os/as concelleiros/as: 4 con dedicación exclusiva que percibirán 28.000 euros, 2 concelleiras con dedicación parcial que percibirán 21.000 euros e 3 concelleiras e 1 concelleiro con dedicación parcial que percibirán 14.000 euros.-

A sra. Bolaño Fariñas quere dar a benvida aos/ás novos/as concelleiros/as, desexa que traballen e dialoguen entre todos. Comenta que neste punto se van abster, porque se trata de salarios que non son salarios elevados, pero salienta que no actual Goberno hai 6 mulleres e 4 homes, cando as dedicacións exclusivas recaen maioritariamente nos homes, e só un home ten dedicación parcial, o resto teñen dedicación exclusiva, porque a igualdade tamén ten que ver coa exclusividade da responsabilidade, e engade que anteriormente os salarios eran baixos, especialmente para o Alcalde e os/as concelleiros/as con dedicación e responsabilidade, debendo ter en conta que esa suba debería ser tamén para os/as concelleiros/as sen dedicación e para a asignación dos grupos, para pór en valor o labor da oposición. Lembra que onte houbo unha Xunta de Voceiros, na que se comentou que se lles ía pasar unha documentación, que non lles chegou. Pide que as asistencias sexan abonadas nun tempo prudencial, porque elas levan dende decembro sen cobrar, que o PP debe levar máis tempo, para facilitar o labor de oposición. Remata que existe moita demagogia cando se fala dos soldos dos políticos, deben ser soldos dignos, e solicita que sexa unha dedicación exclusiva ou sexa unha dedicación parcial se dediquen ao Concello nesa proporción, porque xa houbo dedicacións parciais nas que o/a concelleiro/a apenas aparecía.-

A sra. Salorio Porrál comeza facendo un inciso, en relación a que cada vez que se proceda a unha votación, se diga pola megafonía o resultado das mesmas.-

O sr. Alcalde respóstalle que ten razón e que foi un erro.-

A sra. Salorio Porrál continúa felicitándolle por reunir a maioría suficiente para poder gobernar como fai catro anos. Anuncia que se van abster, respetando as decisións que están a tomar dentro das súas competencias, como son os soldos, os representantes nos distintos organismos, as comisións, etc. Engade que cada un deles son cargos electos 24 horas ao día e 365 días ao ano, é natural que quen teñen atribucións de goberno reciban unhas retribucións que lles poidan servir para vivir, porque noutro caso a política estaría reservado para as persoas con riqueza, sendo lóxico as asignacións en relación coas dedicacións, e coa responsabilidade que a sinatura dos documentos conleva. Plantexa a carga que supón 11 nóminas para levar o timón do Concello de Sada, cando nos últimos catro anos eran 9 e pregúntase se

van estar mellor atendidos os veciños, van a ser máis adecuados os servizos de Sada, van estar máis controlados e organizados eses servizos, con esa organización van notar unha melloría na organización do Goberno, no futuro os/as concelleiros/as van recibir, en tempo e forma, a documentación das convocatorias, coa antelación suficiente para poder estudar a dita documentación antes dos plenos e das comisións. Comenta que se trata do Goberno máis caro do Concello de Sada prexudicando as arcas municipais, gastando o orzamento municipal en membros que compoñen o seu goberno, para que levanten a man cada vez que traen propostas a Pleno, que se trata dun mero trámite obrigatorio para aprobar as súas propostas, porque aos/ás concelleiros/as da oposición non os teñen en conta absolutamente para nada, porque non lles remitiron as propostas de retribucións dos grupos, porque aínda que non haxa variación debería terse remitido igualmente, así como as asistencias á plenos e comisións, como mencionou na Xunta de Portavoces de onte, que faltaba por erro na documentación desta sesión, e seguen esperando. Conclúe que mentras suben as súas retribucións, e levan acumuladas as asistencias aos últimos 10 plenos, incluíndo na declaración do IRPF varias asignacións das que non ten idea de cando percibirán, esperando que cumpran mellor cos provedores do concello, debendo cumprir no futuro con algún tipo de periodicidade.-

Efectuada votación acórdase por maioría de dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún en contra e sete abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1º.- Manter o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 33.000.- euros anuais, a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro.-

2º.- Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o exercicio dos cargos que a continuación se relaciona, fixando a retribución a percibir por cada un deles por tal concepto na suma de 28.000.- euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro:

- Concellería delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica e Contratación.-

- Concellería delegada da área de Educación e Deporte.-

- Concellería delegada da área de Urbanismo, Vivenda e Medioambiente.-

- Concellería delegada do servizo de Obras e Servizos.-

3º.- Establecer o réxime de dedicación parcial para o exercicio dos cargos que a continuación se relaciona, cunha dedicación mínima de catro horas diarias de luns a venres, para a dedicación parcial do 50%, e cunha dedicación mínima de seis horas diarias de luns a venres, para a dedicación parcial do 75%, nos horarios que fixe a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por cada un deles por tal concepto nas sumas de 21.000.- euros anuais, para a dedicación parcial do 75%, e de 14.000.- euros anuais, para a dedicación parcial do 50%, que en ambos casos se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro:

- Concellería delegada da área de Benestar Social e Igualdade, dedicación do 75%.-

- Concellería delegada dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego, dedicación do 75%.-

- Concellería delegada do servizo de Cultura, dedicación do 50%.-

- Concellería delegada dos servizos de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade, dedicación do 50%.-

- Concellería delegada dos servizos de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, dedicación do 50%.-

4º.- Solicitar, respecto dos cargos anteditos, a alta na Seguridade Social dos concelleiros que os ocupen, asumindo o Concello respecto do mesmo as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponen ás empresas en relación cos seus traballadores, e concretamente o pago da cota empresarial que corresponda.-

5º.- Autorizar o gasto derivado do presente acordo con cargo ás partidas 912.10000 e 912.10001 do vixente Presuposto.-

6º.- O réxime retributivo establecido en virtude deste acordo será de aplicación desde esta mesma data. A aceptación expresa do réxime de dedicación por parte dos nomeados comunicárase ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.-

7º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.-

O sr. Alcalde respóstalles que onte houbo unha Xunta de Portavoces, na que se falou dos asuntos do Pleno, e logo falou co secretario que lle dixo que non era necesario aprobalo, porque estaba previsto nas bases de execución do orzamento, no ano 2015 tampouco houbo variacións e tampouco foi necesario aprobalo, motivo polo cal non foi mandada a documentación.-

6º.- Determinación dos postos do persoal eventual.-



Vista a proposta de determinación de postos de persoal eventual, efectuada previo estudo das correspondentes necesidades e de conformidade co artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación ao comezo do seu mandato, non podendo logo modificarse estas determinacións máis que con motivo da aprobación dos presupostos anuais.-

A sra. Bolaño Fariñas plantexa que se comece a empregar unha linguaxe inclusiva: secretario/a.-

Efectuada votación acórdase por maioría de dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún en contra e sete abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

Manter o posto de secretario particular do Alcalde, código 030002 da Relación de Postos de Traballo, correspondente a persoal eventual, en réxime de dedicación parcial do 56% da xornada, coa retribución total de 14.000,00.- euros anuais, a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro.-

7º.- Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais.-

En cumprimento do disposto nos artigos 74 e 75 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal e artigo 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación da constitución, no prazo legalmente establecido, dos seguintes grupos políticos:

– Denominación: "Grupo Municipal Partido Popular".-

Integrantes: María Soraya Salorio Porral, María José García Freire, José Luis Tellado Villares, María del Carmen Pose Varela e Manuel López Losada.-

Portavoz titular: María Soraya Salorio Porral.-

Portavoces suplentes: María José García Freire, José Luis Tellado Villares, María del Carmen Pose Varela e Manuel López Losada.-

– Denominación: "Grupo Municipal Socialista".-

Integrantes: Raquel Bolaño Fariñas e María Pardo Fafián.-

Portavoz titular: Raquel Bolaño Fariñas.-

Portavoces suplentes: María Pardo Fafián.-

– Denominación: "Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego".-

Integrantes: Isabel Reimúndez Suárez e Laura Rodríguez Pena.-

Portavoz titular: Isabel Reimúndez Suárez.-

Portavoces suplentes: Laura Rodríguez Pena.-

– Denominación: "Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños".-

Integrantes: María Nogareda Marzoa e Breogán Blanco González.-

Portavoz titular: María Nogareda Marzoa.-

Portavoces suplentes: Breogán Blanco González.-

– Denominación: "Grupo Municipal Sadamaioría".-

Integrantes: Óscar Benito Portela Fernández, María Pilar Taibo Fernández, Xosé Fernando Fariña Andrade, Rebeca Mouriño Neira, Francisco Xosé Montotuto Pérez e Ana Paola Mondaca González.-

Portavoz titular: Francisco Xosé Montotuto Pérez.-

Portavoces suplentes: (Non se designaron).-

8º.- Coñecemento das resolucións da Alcaldía sobre o nomeamento dos membros da Xunta de

Goberno, dos Tenentes de Alcalde e dos Concelleiros-delegados.-

A Corporación dáse por informada da seguinte resolución da Alcaldía:

"Decreto nº 1.315, do 11-7-2019.- Nomeamento de membros da Xunta de Goberno, de Tenentes de Alcalde e delegacións da Alcaldía.-

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, vistos os artigos 29, 30 e 31 do Regulamento Orgánico municipal e 43, 44, 46, 47 e 52 do Regulamento aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros: D^a Isabel Reimúndez Suárez, D^a María Nogareda Marzoa, D^a María Pilar Taibo Fernández e D. Francisco José Montotuto Pérez.-



2º.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións correspondentes á Alcaldía que seguidamente se relacionan, revocando asemade todas as anteriores delegacións efectuadas a favor de dito órgano:

- Autorización e disposición de gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas a partir da cifra de 12.000.- euros, con exclusión dos gastos ordinarios de carácter periódico e obrigatorios ou urxentes.-
- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.-
- As atribucións da Alcaldía en materia de contratacións e concesións de toda clase, sempre que o presuposto do contrato exceda de 12.000.- euros, para os contratos de obras, e de 6.000.- euros, para o resto de contratos.-
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.-
- As atribucións da Alcaldía en materia de adquisición de bens e dereitos e de alleamento do patrimonio, cando a contía da operación exceda de 12.000.- euros.-
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.-

3º.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno:

Primeira Tenente de Alcalde, D^a Isabel Reimúndez Suárez.-

Segunda Tenente de Alcalde, D^a María Nogareda Marzoa.-

Terceira Tenente de Alcalde, D^a María Pilar Taibo Fernández.-

Cuarto Tenente de Alcalde, D. Francisco José Montouto Pérez.-

4º.- Nomear delegados da Alcaldía aos seguintes concelleiros:

- Concelleira delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica e Contratación, D^a María Pilar Taibo Fernández.-
- Concelleira delegada da área de Educación e Deporte, D^a María Nogareda Marzoa.-
- Concelleiro delegado da área de Urbanismo, Vivenda e Medioambiente, D. Francisco José Montouto Pérez.-
- Concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade, D^a Isabel Reimúndez Suárez.-
- Concelleiro delegado do servizo de Obras e Servizos, D. Xosé Fernando Fariña Andrade.-
- Concelleira delegada dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego, D^a Laura Rodríguez Pena.-
- Concelleira delegada do servizo de Cultura, D^a Ana Paola Mondaca González.-
- Concelleira delegada dos servizos de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade, D^a Rebeca Mouriño Neira.-
- Concelleiro delegado dos servizos de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, D. Breogán Blanco González.-

Ditas delegacións abarcarán o exercicio de todas as atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas e materias ou servizos concretos correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno.-

5º.- Esta resolución, que requirirá para a súa eficacia a aceptación dos concelleiros nomeados, producirá efectos a partir do día seguinte ao desta data, notificarase aos designados, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e será comunicada ao Pleno na primeira sesión que dito órgano celebre.-”

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html